

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA 3º ESO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	4
3. Avaliación e cualificación.....	9
4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	11
5. Información e publicidade.....	13

1. Introducción

Debido á situación de emerxencia de saúde pública que estamos a vivir causada pola COVID-19, a cal supuxo a suspensión da actividade lectiva presencial e a docencia tal e como a coñecíamos desde o 13 de marzo de 2020, o departamento didáctico de Inglés vese na obriga de facer un reaxuste da programación didáctica proposta e aprobada ao principio do presente curso académico para adaptala a esta nova situación, na que a docencia farase a distancia ata que as autoridades sanitarias o consideren necesario.

Esta adaptación da programación faise seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que veñen a concretar a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19.

Seguindo esta liña, as actividades lectivas do terceiro trimestre centraranse nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado en función do curso. Polo tanto, desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias como se detalla nesta adaptación, sempre tomando como referencia e norma a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa e o decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da ESO, e a metodoloxía, concepción e orientación didácticas xa establecidas na programación orixinal para este curso académico.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 13	CENTRO:CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA CURSO: 3ºESO MATERIA: INGLÉS
--	-------------------	--

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 3º de ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos ou do seu interese. (CCL, CD, CAA, CSC, CCEC)
B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos, pronunciadas con lentitude e claridade.	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes, comunicados breves articulados de xeito lento e claro. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B1.3. Comprender os puntos principais e información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información,	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras cando o tema lle resulte coñecido. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas claras e pausadas, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.	PLEB1.5. Comprende nunha conversa informal descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns do seu interese articulados a modo e con claridade. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara.	PLEB2.1. Nas actividades propostas interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.	PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiáns, sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan	PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)

sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.	
B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.	PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás seguindo normas de cortesía básicas. (CCL, CSC, CAA, CCEC) PLEB2.5. Participa en conversas informais nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.	PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro e relacionados con asuntos cotiáns ou do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.	PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD) PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros e se expresan sentimentos desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.	PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa de asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)

B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.	PLEB3.7. Comprende o esencial de historias de ficción breves e ben estruturadas. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación ou aos seus intereses ou afeccións. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa.	PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B4.4. Escribir, en soporte impreso ou nas redes sociais, textos sinxelos e breves, que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.	PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD) PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións, e se expresan opinións de xeito sinxelo. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.	PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso ou dixital, utilizando con relativa corrección as convencións ortográficas e os signos de puntuación. (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD)
B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación,	PLEB5.1. Desenvólvese nas actividades propostas facendo un esforzo para utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e

sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.	PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas na redacción de traballos e outros textos para facerse comprensible. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.	PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo en rexistro estándar. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá, estruturas sociais, condicións de vida, relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos	PLEB5.4. Identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.	PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados, e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual.	PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta. (CCL, CSC, CAA, CCEC)
B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	
B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a	PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para

<p>asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p>	<p>comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo. (CCL, CSC, CAA, CCEC)</p>
<p>B5.10. Participar en proxectos nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. (CCL, CSC, CAA, CCEC)</p>

3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p><u>1ª Avaliación:</u> Os xa expostos na programación.</p> <p><u>2ª Avaliación:</u> Probas específicas, observación sistemática, producións orais e escritas, cuestionarios, intercambios orais na aula, revisión de tarefas, entrevistas, diálogos, simulacións, postas en común.</p> <p><u>3ª Avaliación (Reforzo, recuperación e ampliación):</u> producións dos alumnos, principalmente escritas, revisión de tarefas, probas.</p> <p>Instrumentos:</p> <p><u>1ª Avaliación:</u> Os xa expostos na programación.</p> <p><u>2ª Avaliación:</u> Probas escritas obxectivas, cuestionarios, rúbricas, listas de control, rexistro anecdótico, caderno de clase, escalas de estimación.</p> <p><u>3ª Avaliación:</u> listas de control, escalas de estimación, rúbricas, cuestionarios, informes e monografías, caderno, probas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso obterase como segue:</p> <ul style="list-style-type: none">• O alumnado obterá a cualificación máis alta acadada, ben tendo en conta a cualificación da 2ª avaliación unicamente, ou a media das cualificacións obtidas na 1ª e a 2ª avaliacións. A esta cualificación sumarase a cualificación do traballo realizado no 3º trimestre, sendo o máximo posible dous puntos sobre a media das dúas anteriores, sempre que a media da 1ª e 2ª avaliacións e/ou a cualificación da 2ª avaliación sexa igual ou superior a cinco.• Se a media da 1ª e 2ª avaliacións non son positivas, o alumnado terá que realizar as tarefas de recuperación e reforzo propostas no 3º trimestre, tendo que acadar unha cualificación positiva igual ou superior a 5 nas mesmas. Estas tarefas terán como referente os estándares de aprendizaxe básicos e as competencias correspondentes recollidas neste documento. <p>Para superar a materia, o alumnado terá que acadar unha cualificación igual ou superior a cinco sobre dez.</p>

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Se as autoridades sanitarias e a situación o permiten, a proba extraordinaria de setembro consistirá nunha proba escrita obxectiva e presencial, na que se avaliará o grao de logro atendendo aos estándares e competencias imprescindibles recollidos neste documento.</p> <p>En caso de que non fose posible realizar a proba de forma presencial, realizaríase a mesma proba telemáticamente, ben de forma escrita ou oral.</p> <p>Para superar a materia, o alumnado terá que acadar unha cualificación igual ou superior a cinco sobre dez.</p>
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios de avaliación para o alumnado de materias pendentes son os xa recollidos na programación para o nivel educativo correspondente e teranse tamén como referente os estándares e competencias básicas, así como os aspectos reforzados recollidos no plan específico de cada alumno.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Tendo en conta a condición continua e progresiva da materia, o alumnado ten varias formas de acadar unha cualificación positiva na materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Se aprobou o segundo trimestre ou acadou unha cualificación igual ou superior a 5 na media da 1ª e 2ª avaliacións (tendo ambas avaliacións aprobadas) e obtivo unha cualificación positiva nas tarefas propostas para cada trimestre. - Se aproba o curso que está cursar. - Se acada unha cualificación positiva nas tarefas de recuperación que se propoñan no terceiro trimestre. - Se aproba a proba extraordinaria de setembro para o curso correspondente. <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Observación sistemática e rexistro a través de listas de control e escalas de estimación, así como revisión de tarefas e análise das producións escritas entregadas a través de rúbricas e escalas de estimación.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades propostas para o 3º trimestre son variadas e diversas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <u>Actividades de recuperación</u>, para aquel alumnado que teña a 1ª e/ou a 2ª avaliación suspensas, así como a materia dun nivel inferior. Baseándose nos estándares e competencias imprescindibles. 2. <u>Actividades de repaso e reforzo</u>, para o alumnado que, aínda que aprobara as avaliacións anteriores precisa reforzar certos contidos e/ou destrezas, centrándose principalmente nos estándares e competencias imprescindibles. 3. <u>Actividades de ampliación</u>, para o alumnado que, tendo superada a materia (recomendable sobre todo para aquel que obtivo unha cualificación igual ou superior a 7), queira afondar nos contidos xa estudados anteriormente. Sempre de carácter voluntario. <p>Todos os bloques de actividades inclúen tarefas de comprensión escrita (textos de diferente tipoloxía con cuestionarios V/F, resposta múltiple, resposta aberta, etc.) nas que o alumnado ten que demostrar o seu grao de comprensión; expresión escrita (produción de textos escritos de distintos tipos e complexidades e diferentes propósitos comunicativos e formatos a partir de modelos dados); comprensión oral (de conversas, presentacións, cancións, películas, anuncios, etc. reais ou adaptadas ao nivel); expresión oral (na medida do posible ofrecerase ao alumnado a posibilidade de facer as súas aportacións orais, pero de forma voluntaria, tendo en conta a situación), e uso da lingua (o alumnado tamén terá que realizar actividades centradas no uso correcto e contextualizado da gramática e o vocabulario estudado na 1ª e 2ª avaliacións).</p> <p>As actividades propostas son variadas e de distintos graos de dificultade para que todos os alumnos e alumnas podan acceder aos mesmos contidos empregando as súas diferentes habilidades, capacidades e competencias.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía que seguimos durante este trimestre ten moito que ver coa que empregamos habitualmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Aproveitamento e optimización dos recursos</u> que os alumnos e alumnas teñen á súa disposición. Hoxe en día atopamos infinitas posibilidades online e nos medios audiovisuais en xeral - <u>Familiarización coa lingua</u>: expoñendo ao alumnado a distintas situacións comunicativas na lingua inglesa e potenciando o seu uso. - <u>Aprendizaxe significativo</u>: A lingua forma parte dun contexto cun obxectivo comunicativo concreto.

	<p>Para que todo isto suceda. A aprendizaxe da lingua pasa por varias fases que, si ben non poden ser exactamente como na aula, pódense reproducir a distancia:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <u>Presentación</u> dun tema, punto lingüístico, etc. de forma motivadora (a través dun vídeo principalmente). 2. <u>Traballo</u> sobre ese tema, punto, etc.: a través de actividades ou tarefas, a través das cales adquirimos as destrezas e contidos necesarios. 3. <u>Realización dalgún tipo de produción</u> (principalmente escrita) que amose o grao de logro dese(s) estándar(es) e competencias que estamos a traballar. <p>Esta sucesión a tratamos de reproducir coas tarefas propostas a través da aula virtual do noso centro e a plataforma edixgal. Ademais ofrecemos unha canle aberta ao noso alumnado para tratar posibles dúbidas e temos unha titoría virtual todas as semanas a través do correo electrónico, a aplicación Webex e Hangouts (no caso de 1º, onde estamos a ter moitos problemas co programa Webex.).</p> <p>Temos a sorte de non contar con alumnado da ESO sen conectividade no noso centro. Ao principio houbo algún alumno/a con certos problemas e proporcionóuselle material a través do concello e do centro mentres non se lle puido dar solución.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe teña lugar neste trimestre, contamos con materias e recursos variados:</p> <p><u>Recursos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Persoais: alumnado, profesoras da materia, equipo docente, equipo directivo e as familias. - Materiais: ordenador, tableta, teléfono móbil e fixo, impresora, libros impresos, etc. <p><u>Materiais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Impresos: libro de texto, caderno de exercicios, fichas, dicionarios. - Audiovisuais: Libro dixital, vídeos, cancións, audios, cuestionarios, xogos interactivos, etc. reais ou adaptados, formando parte do material didáctico específico do curso e doutras fontes, como páxinas web diversas (youtube, iscollective, ESL Video, ELLO, esl-lab, etc.).

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado e as familias serán informados a través de diferentes medios: <ul style="list-style-type: none">- Mensaxe de Tokapp (dirección)- Correo electrónico (profesorado)- Videoconferencia (profesorado)- Páxina web e Aula virtual do centro (administrador e profesorado)
Publicidade	As adaptacións serán publicadas na páxina web do centro.